



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Contidos complementarios para o ensino das literaturas galega e castelá	Código	652608812	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Martinez Lopez, Maria Josefa	Correo electrónico	maria.josefa.martinez@udc.es	
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Martinez Lopez, Maria Josefa	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es maria.josefa.martinez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo xeral desta materia consiste en asegurar o coñecemento dos contidos relevantes da especialidade e das súas tendencias actuais.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Coñecer o valor formativo e cultural das literaturas galega e castelá	AP1 AP6 AP13 AP15 AP16 AP17 AP19		CM1
Coñecer os contidos que se cursan en ensino secundario e bacharelato nas materias de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá.	AP6 AP13 AP15 AP16 AP17 AP19		CM1
Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, así como as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.	AP3 AP6 AP13 AP15 AP16 AP17 AP19 AP21 AP25 AP33		CM1 CM4 CM7



Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos para as materias de literaturas galega e castelá.	AP7 AP13 AP21 AP27 AP32 AP33	CM1 CM6
Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito das literaturas galega e castelá.	AP3 AP11 AP15 AP19 AP25 AP32 AP33 AP35	CM1 CM4 CM8
Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das literaturas galega e castelá e expor alternativas e solucións.	AP13 AP19 AP25 AP26 AP27 AP33	CM1 CM3 CM4 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Revisión metodolóxica dos contidos relevantes no ensino da literatura	1.1. Introducción: cuestións contextuais 1.2. A necesidade de revisión da historiografía literaria 1.3. Novas tendencias no ensino da literatura 1.4. Revisión crítica de obras e autores
2. Adaptación das literaturas galega e española ao marco curricular	2.1. A lectura comprensiva e crítica 2.2. O comentario de textos 2.3. Selección de lecturas representativas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A6 A7 A11 A13 A16 A15 A17 C3 C4 C6 C7	0	14	14
Obradoiro	A1 A3 A13 A21 A26 A27 A32 A35 C1 C3 C4 C8	12	16	28
Proba mixta	A3 A7 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A19 A33 C1	2	10	12
Traballos tutelados	A3 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A26 A27 A19 A32 A33 A35 C1 C3 C4 C6 C7 C8	1	24	25
Actividades iniciais	A1 A33 C1 C4	1	0	1



Sesión maxistral	A6 A7 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A26 A27 A19 C4 C6 C7	12	6	18
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Formando parte do seu traballo autónomo, os/as estudantes deberán ler os textos proporcionados ao longo do curso. Estas lecturas serán obxecto de análise tanto nas sesións de obradoiro coma na proba mixta.
Obradoiro	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistras coas sesións interactivas, nas que a participación do estudantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos, etc. Todas elas terán como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente polas profesoras.
Proba mixta	Ao final de curso, na data oficial, as/os estudantes deberán realizar unha proba mixta de carácter teórico-práctico.
Traballos tutelados	As profesoras propoñerán na segunda sesión uns temas de traballo, relacionados con algún aspecto da materia, para seren desenvolvidos individualmente nun traballo escrito que deberá ser entregado na data marcada a principios de curso. Neste traballo o alumnado deberá aplicar os coñecementos adquiridos ao longo das sesións da materia. Valorarase fundamentalmente a capacidade de reflexión e a orixinalidade das achegas, o rigor no tratamento do tema escollido, así como a clareza expositiva e expresiva.
Actividades iniciais	Na primeira sesión do curso levaranse a cabo distintas actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar convenientemente a docencia da materia.
Sesión maxistral	Exposición e explicación de contidos e reflexións para propiciar o posterior traballo autónomo do alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Sesión maxistral Proba mixta Lecturas Traballos tutelados	Os(as) estudantes que non podan asistir no horario previsto para as Titorías, poderán concertar entrevistas por medio do correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A3 A13 A21 A26 A27 A32 A35 C1 C3 C4 C8	Valorarase a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan na aula, así como a realización das lecturas.	10
Proba mixta	A3 A7 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A19 A33 C1	Aplicaranse os seguintes criterios de avaliación: - adecuación da resposta á pregunta formulada - correcta estruturación do discurso - corrección ortográfica, sintáctica e gramatical  Para superar a materia a calificación mínima desta proba deberá ser de 4 puntos sobre 10.	40
Traballos tutelados	A3 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A26 A27 A19 A32 A33 A35 C1 C3 C4 C6 C7 C8	O traballo final obrigatorio, elaborado individualmente, desenvolverá un tema relacionado con algún aspecto da materia. Formalmente axustarase ás pautas definidas polas profesoras no inicio do curso. Valorarase fundamentalmente a capacidade de reflexión e a orixinalidade das achegas, o rigor no tratamento do tema escollido así como a clareza expositiva e expresiva.	50





## 1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

## 2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE

(XULLO)

2.1. Aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá que realizar a proba mixta e presentar o traballo tutelado. A data límite de entrega do traballo tutelado será a marcada para o exame do mes de xullo.

2.2. Na 2.<sup>a</sup> oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro). Así a valoración estará composta polo 60% dos "Traballos tutelados" (que incluírá unha presentación oral) e o 40% da "Proba mixta".

## 3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 40 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de CC. da Educación, e un "Traballo tutelado" puntuábel nun 60% que deberá ser presentado no mesmo día do exame.

## 4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita.

## 5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsábel.

## 6. OUTRAS PRECISIÓNS

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades,

incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aller García, C. (1998). Animación a la lectura II: juegos y actividades para después de leer. Sevilla. Quercus</li> <li>- Bordons, G e A. Díaz-Plaja (2006). Enseñar literatura en secundaria. Barcelona. Graó</li> <li>- Fernández Paz, A. (2004). Lingua e literatura: educación secundaria obrigatoria. Vigo. Xerais</li> <li>- García Negro, P. / Costa Casas, X. (1995). O ensino da lingua: por un cambio de rumbo. Introducción teórica e Unidades didácticas. A Coruña: AS-PG</li> <li>- García Padrino, J. / Medina Padilla, A. (dirs.) (1988). Didáctica de la lengua y la literatura. Madrid: Síntesis</li> <li>- García Rivera, G. (1995). Didáctica de la literatura en la Enseñanza Primaria y Secundaria. Madrid. Akal</li> <li>- Marco López, A. (1997 ). Lingua, literatura e arte: aspectos didácticos. Santiago: USC</li> <li>- Martín Vegas, R.A. (2009). Manual de didáctica de la lengua y la literatura. Madrid. Síntesis</li> <li>- Navarro Durán, R. (1995). La Mirada al texto : comentario de textos literarios. Barcelona: Ariel</li> <li>- Pozuelo Yvancos, J.M. (2007). Desafíos de la Teoría. Literatura y géneros. Mérida. Venezuela. El otro@el mismo</li> <li>- Rodríguez, F. (1990). Literatura galega. Problemas de método e interpretación. Vilaboa-Pontevedra. O Cumio</li> <li>- Sánchez Miguel, E. (2010). La lectura en el aula: qué se hace, qué se debe hacer y qué se puede hacer. Barcelona. Graó</li> <li>- Silva Valdivia, B. (coord.) (2005). A literatura na educación secundaria. Santiago: Instituto de Ciencia da Educación</li> <li>- Silva Valdivia, B. (dir.) (2008). Situación do ensino da da lingua e da literatura na educación secundaria obrigatoria . Santiago: Consello da Cultura Galega</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Abuín, A. / Tarrío, A. (eds.) (2004). Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da península Ibérica. Santiago: Servizo de Publicacións USC</li> <li>- Aguiar e Silva, V.M. de (1993 ). Teoría da Literatura. Coimbra. Livraria Almedina</li> <li>- (). Bibliografía Española, Madrid, Servicio Nacional de Información Bibliográfica (luego Instituto Bibliográfico Hispánico, luego Biblioteca Nacional), 1959 y ss. Refundición anual del Boletín del Depósit.</li> <li>- Carballo Calero, R. (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo. Galaxia</li> <li>- Marchese, A. / Forradellas, J.&amp; (1991). Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria. Barcelona. Ariel</li> <li>- Mainer, J. C. (2010-2012). Historia de la Lliteratura española, 9 vols.. Barcelona: Crítica</li> <li>- Reyes, G. (ed.) (1989). Teorías literarias en la actualidad . Madrid. Ediciones el arquero</li> <li>- Rico, F. (1979-1999). Historia y crítica de la Lliteratura española, 18 vols. . Barcelona: Crítica</li> <li>- Rodríguez Cacho, L. (2009). Manual de historia de la literatura española. Madrid. Castalia</li> <li>- Rodríguez Fer, C. (1991 ). Arte literaria . Vigo: Xerais</li> <li>- Tarrío, A. (1994). Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica. Vigo: Xerais</li> <li>- Tarrío, A. (coord.) (2000). Galicia. Literatura, vols. 31-34. A Coruña: Hércules de Edicións</li> <li>- Vázquez Cuesta, P. (1980). &amp;quot;Literatura gallega&amp;quot;, in Díez Borque. J. M<sup>a</sup>. (ed.), Historia de las literaturas hispánicas no castellanas, pp. 621-896. Taurus: Madrid</li> <li>- Vilavedra, D. (1999). Historia da literatura galega. Vigo: Galaxia</li> <li>- Vilavedra, D. (coord.) (1995-2004). Diccionario da literatura galeg, a4 vols. Vigo: Galaxia</li> <li>- Viñas Piquer, D. (2002 ). Historia de la crítica literaria . Barcelona. Ariel</li> <li>- VV.AA. (1996-1998 ). Historia da Literatura Galega, 5 vol. . Vigo. A Nosa Terra</li> <li>- VV.AA. (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo:. A Nosa Terra</li> </ul>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**



Bases epistemolóxicas para o ensino das linguas e literaturas galega e castelá/652608821

Metodoloxía do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria/652608822

Fundamentos metodolóxicos e profesionais do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria/652608823

Proxectos de innovación e investigación educativa en lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá/652608E31

Contidos complementarios para o ensino das linguas galega e castelá/652608811

#### Materias que continúan o temario

#### Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coas profesoras, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa nos enderezos electrónicos: [carne@udc.gal](mailto:carne@udc.gal) / [maria.josefa.martinez@udc.es](mailto:maria.josefa.martinez@udc.es)

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías